

# GOLPISTAS E VERDUGOS DE 1936 HISTORIA DUN PASADO INCÓMODO

*intervirán na presentación do libro en Marín*



**LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO**

*(A Devesa-Ribadeo, 1961)*

Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 2005. Foi Vicerreitor de relacións institucionais da USC entre 2007 e 2010 e Director do Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC até 2016. Ten dirixido diferentes traballos de investigación relacionados coa construción da modernidade en Galicia e o mundo rural e a guerra civil. É membro do consello de redacción de diferentes revistas de investigación histórica e participou en numerosos congresos e coloquios da especialidade. Ademais, dirixe o Proxecto Interuniversitario "Nomes e Voces", dedicado á investigación da represión franquista en Galicia.

## ALDARA CIDRÁS FUENTES

*(Vigo, 1994) e con vínculos familiares en Marín*

Graduada en Historia (2016, USC), máster en Historia Contemporánea (2017, USC) e actualmente está realizando a súa tese de doutoramento no departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela dirixida polos profesores Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho. Dende o 2018, é investigadora contratada ao abeiro das axudas de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia e realizará unha estadia na Universidade de Princeton (EUA) de agosto a novembro do 2019.



**CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ**

*(1989, Santiago de Compostela)*

Licenciada en Historia (2012, USC), Máster en Profesorado de Educación Secundaria (2013, USC), Máster en Historia Contemporánea (2015, USC). Foi técnica de apoio á investigación en relación co proxecto "Mecanismos de adaptación social en contextos de violencia estatal masiva. O caso de Galicia (1936-1939) en perspectiva comparada (proxectos de grupos emerxentes)" (2014-2015, departamento de Historia Contemporánea e de América, USC). Foi premio á calidade lingüística en galego na área das ciencias sociais e xurídicas polo seu TFM titulado "O ensino dun pasado traumático: o caso da violencia franquista na educación secundaria en perspectiva comparada" (2013).



**IRIA MORGADE VALCÁRCEL**

*(Pontevedra, 1988)*

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración (UCM, 2011), Máster en Migracións Internacionais: Investigación, políticas migratorias e mediación intercultural (UDC, 2013) e Máster en Formación do Profesorado (USC, 2014). As súas liñas de investigación son a memoria e o discurso social, a represión franquista e a mobilización social e política. Actualmente realiza a súa tese de doutoramento sobre a mobilización social arredor da memoria no estado español dende a Transición ata a actualidade.